



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Escola Politécnica Superior

**TRABALLO FIN DE GRAO  
CURSO 2016/17**

---

*CARACTERIZACIÓN EXPERIMENTAL DA RIXIDEZ  
TORSIONAL DE FÍOS DE REDES DE PESCA*

---

**Grao en Enxeñaría Mecánica**

ALUMNO

**DAVID CASAL FREIRE**

TITORES

**MANUEL JESÚS GONZÁLEZ CASTRO  
AMELIA DE LA PRADA ARQUER**

DATA

**FEBREIRO 2017**



## ÍNDICE

1. Introducción .....	7
1.1. Obxecto.....	7
1.2. Alcance .....	7
1.3. Normativa.....	8
1.3.1. Lexislación española .....	8
1.3.2. Directivas europeas.....	8
2. Especificacións de deseño .....	9
2.1. Especificacións .....	9
2.2. Descrición do ensaio.....	9
3. Deseño mecánico .....	11
3.1. Mesa e estrutura base da máquina.....	11
3.2. Mordazas .....	13
3.3. Eixos .....	14
3.4. Soportes e rodamentos.....	16
3.5. Motor e acoplamento .....	18
3.6. Deslizadeira e sistema de tensado .....	20
3.7. Sistema de medición de par.....	21
4. Deseño mecatrónico.....	25
4.1. Compoñentes do sistema .....	25
4.2. Motor.....	26
4.3. Célula de carga.....	28
4.3.1. Descrición.....	28
4.3.2. Calibración .....	33
4.4. Software.....	36
5. Procedemento de ensaio.....	39
5.1. Posta en marcha .....	39
5.2. Primeira proba .....	40
5.3. Fío PE novo .....	41
5.4. Fío PE pretensado .....	42
6. Resultados.....	43
6.1. Rulo homoxéneo.....	43
6.2. Fío PE novo .....	44

6.3. Fío PE Pretensado .....	46
6.4. Conclusións .....	49

ANEXO I. Esquema eléctrico

ANEXO II. Resultados de calibración célula de carga

ANEXO III. Planos

ANEXO IV. Presupuesto

ANEXO IV. Follas de características

## ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. <i>Gráfico Par – Ángulo</i> .....	10
Figura 2. <i>Partes da máquina de ensaio a torsión</i> .....	11
Figura 3. <i>Vista superior do taboleiro</i> .....	12
Figura 4. <i>Estrutura principal</i> .....	13
Figura 5. <i>Detalle mordaza móbil e mordaza fixa</i> .....	14
Figura 6. <i>Dimensións dos eixos</i> .....	15
Figura 7. <i>Soporte EK10</i> .....	16
Figura 8. <i>Dimensións dos rodamentos</i> .....	17
Figura 9. <i>Soporte do motor</i> .....	18
Figura 10. <i>Parámetros do acoplamento</i> .....	19
Figura 11. <i>Corte das guías</i> .....	20
Figura 12. <i>Esquema do método de tensado</i> .....	21
Figura 13. <i>Sistema de medición de par</i> .....	22
Figura 14. <i>Montaxe do sistema de medición de par</i> .....	23
Figura 15. <i>Detalle da tuerca a aproximar</i> .....	24
Figura 16. <i>Esquema mecatrónico</i> .....	25
Figura 17. <i>Variantes de motores paso a paso</i> .....	26
Figura 18. <i>Detalle do motor</i> .....	28
Figura 19. <i>Ponte de Wheatstone</i> .....	29
Figura 20. <i>Phidgets - 3132_0 - Micro Load Cell (0-780g)</i> .....	31
Figura 21. <i>Detalle do controlador Phidgets 1046 coa carcasa</i> .....	32
Figura 22. <i>Resultado da primeira calibración coa célula montada</i> .....	33
Figura 23. <i>Resultados da calibración coa célula de carga libre</i> .....	34
Figura 24. <i>Resultados da calibración coa célula de carga montada</i> .....	35
Figura 25. <i>Distancia dende o eixo de xiro ao eixo de aplicación da forza</i> .....	35
Figura 26. <i>Gráficas de calibración superpostas</i> .....	36
Figura 27. <i>Ventá xerada polo programa</i> .....	37
Figura 28. <i>Primeira proba realizada con rulo homoxéneo</i> .....	40
Figura 29. <i>Gráfica obtida na primeira proba co rulo homoxéneo</i> .....	41
Figura 30. <i>Ensaio con fío de PE trenzado</i> .....	42
Figura 31. <i>Resultados do ensaio de rulo homoxéneo</i> .....	44
Figura 32. <i>Resultados do 1º ensaio de fío PE</i> .....	45

Figura 33. Resultados do 2º ensaio de fío PE .....	45
Figura 34. Comparación de resultados para fío PE novo .....	46
Figura 35. Resultados do 1º ensaio de fío PE pretensado .....	47
Figura 36. Resultados do 2º ensaio de fío PE pretensado .....	48
Figura 37. Comparación de resultados para fío PE pretensado .....	48
Figura 38. Comparación das dos ensaios das dúas mostras de fío PE.....	49

## ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. <i>Dimensións do acoplamento</i> .....	19
Táboa 2. <i>Compoñentes do sistema de medición de par</i> .....	23
Táboa 3. <i>Propiedades do motor</i> .....	28
Táboa 4. <i>Propiedades Phidgets - 3139_0 - Micro Load Cell (0-100g)</i> .....	31
Táboa 5. <i>Propiedades da célula de carga elixida</i> .....	32
Táboa 6. <i>Parámetros introducidos na realización dos ensaios</i> .....	40





## **1. INTRODUCCIÓN**

Na actualidade as fábricas redeiras buscan ofrecer un produto de gran resistencia e o máis lixeiro posible partindo de fibras sintéticas de polímeros. Como sucede noutros sectores, o redeiro busca sumarse ás técnicas de análise e simulación asistida por ordenador de xeito que permita predicir o comportamento en servizo das redes antes de seren fabricadas. Deste xeito conséguese un mellor resultado do produto final.

Para a análise das redes mediante programas de elementos finitos é necesario coñecer de antemán algunhas características do material que as conforma. Unha destas características é o módulo de torsión dos fíos cos que se elaboran estas redes e que non se proporciona nas características que ofrece o fabricante.

Por iso resulta de gran interese o deseño dun sistema para estudar a resistencia que ofrecen a torsión os distintos fíos que compoñen as redes de pesca e que permita calcular o módulo torsional de cada un deles.

### **1.1. Obxecto**

O obxecto principal deste traballo fin de grao é a implementación dunha máquina de ensaio a torsión para caracterizar experimentalmente a resistencia torsional de diferentes tipos de fíos de redes de pesca, e utilizar os datos obtidos para determinar o módulo de torsión.

### **1.2. Alcance**

Procederáse á construción dun dispositivo para caracterizar experimentalmente a resistencia a torsión de fíos de redes de pesca.

Unha vez rematada a construción realizaranse de ensaios con mostras de diferentes dimensións e materiais.

Finalmente realizarase unha análise dos datos obtidos experimentalmente co fin de determinar rexións de comportamento lineal, non lineal, histérese, etc.

### **1.3. Normativa**

Calquera tipo de máquina, equipo de laboratorio ou taller, co fin de que a súa compra ou deseño reúna os requisitos básicos de seguridade, cumpra a lexislación vixente e a súa utilización no traballo se realice en condicións de seguridade, debe cumprir unha serie de requisitos mínimos.

As disposicións legais que teñen aplicación a este proxecto móstranse a continuación.

#### **1.3.1. Lexislación española**

- Lei 31/1995: Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- Lei de Industria: 21/1992 - Seguridade e calidade industrial.
- R.D.: 1435/1992 - Máquinas, compoñentes de seguridade. Marcado "CE"
- R.D.: 56/1995 que modifica parte do texto do R.D. 1435/1992.
- R.D.: 1215/1997- Equipos de traballo. Disposicións mínimas de seguridade e de saúde.
- R.D.: 444/1994- Aparatos que poden crear perturbacións electromagnéticas.
- R.D. 1644/2008- Normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas.

#### **1.3.2. Directivas europeas**

- Directiva 98/37/CE.
- Directiva 2006/42/CE.

## **2. ESPECIFICACIONES DE DISEÑO**

### **2.1. Especificacións**

As mostrás que se procederán a ensaiar serán de fío utilizado para a fabricación de redes de pesca e terán unha lonxitude que pode variar de 30 a 100 mm.

O diámetro do fío poderá variar entre 1,5 e 13 mm.


O material das mostrás a ensaiar serán polímeros, principalmente polietileno e nylon.

### **2.2. Descrición do ensaio**

O procedemento consiste en suxeitar a mostra por ambos extremos e sometela a unha tensión axial constante a tracción, de modo que simule as cargas ás que está sometido cada tramo de fío dunha rede en servizo.

Un extremo permanecerá fixo mentres que no outro extremo aplicarase un momento torsor.

Os datos recollidos serán o par transmitido ao extremo fixo a través do fío e o ángulo rotado polo extremo no que se aplica o par cinemático. A partir destes datos xerarase unha gráfica de par exercido fronte ao ángulo de xiro, tal como se aprecia na figura 1.



**Figura 1.** *Gráfico Par – Ângulo*

### 3. DESEÑO MECÁNICO

Neste capítulo describiranse os elementos principais da máquina, así como as modificacións adoptadas para a solución de erros do deseño inicial.

Na figura 2 móstranse as partes básicas que compoñen a máquina de ensaio a torsión.





Figura 2. Partes da máquina de ensaio a torsión

#### 3.1. Mesa e estrutura base da máquina

Como plataforma base da máquina emprégase un taboleiro de madeira MDF (Medium Density Fiberboard) con dimensións de 80 cm de largo por 31 cm de ancho. Incorporará catro patas que se fixan ao taboleiro mediante tuercas de púas con rosca M10, de forma que permiten a regulación individual en altura para que a máquina se apoie correctamente de forma nivelada. A outra misión destas patas é a de proporcionar un pequeno espazo entre o taboleiro e a superficie onde se coloque a máquina para aloxar toda a tornillería coa que se fixan as diferentes partes ao taboleiro.




**Figura 3.** *Vista superior do taboleiro*

O taboleiro incorpora todos os buratos necesarios para fixar mediante tornillos pasantes con tuerca, as diferentes partes da máquina. Sobre del atornillase a estrutura principal mediante catro tornillos de M8 con tuercas de cabeza de martillo que encaixan nas ranuras dos perfis estruturais de aluminio. Fíxase tamen, a escuadra que serve de soporte á polea e os controladores do motor e da célula de carga.

Co fin de mellorar a súa aparencia estética, ao taboleiro aplicóuselle unha capa de esmalte branco.

A estrutura principal da máquina está formada por dous tramos de perfil estrutural de aluminio de 45x45 unidos rixidamente mediante dúas escuadras, específicas para este tipo de perfilaría, formando unha T (figura 4). A peza de maior lonxitude, de 37,5 cm, sitúase no centro do taboleiro, paralela ao lateral de maior lonxitude, e actúa como carril para a plataforma da mordaza móbil, que deslizará sobre ela.



**Figura 4.** *Estrutura principal*


O tramo de perfil de 15 cm serve de soporte a todo o sistema de medición de par. Sobre el vai colocado o soporte do eixo da mordaza fixa, suplementado cun tramo de perfil estrutural de aluminio de 30x30. Tanto este suplemento como os utilizados na deslizadeira da mordaza móbil son necesarios para proporcionar un espazo que permita a montaxe dun brazo o suficientemente longo para transmitir a forza á célula de carga, xa que a maior distancia entre o centro do eixo e o eixe de aplicación da forza na célula, maior sensibilidade terá a máquina.

### **3.2. Mordazas**

Como elemento de suxeición dos extremos da mostras utilizaranse mandrís portabrocas, que forman parte da maioría dos taladros portátiles. Un mandril é un tipo especial de prensa usada para suxeitar un obxecto, xeralmente de simetría radial. Utilízase para suxeitar unha ferramenta rotativa como poden ser as brocas ou outro tipo de accesorios.

Os mandrís seleccionados posúen tres mandíbulas arranxadas nun patrón radial simétrico para suxeitar un obxecto (neste caso un extremo da mostra). A aproximación das mandíbulas realízase facendo xirar a coroa dentada do mandril no sentido horario, visto de fronte. Para asegurar unha boa suxeición, este tipo de mandrís conta cunha chave que encaixa nos orificios situados na peza fixa e engrana na coroa rotatoria, de xeito que permite realizar un maior aperte facendo xirar a chave tamén no sentido horario.

O método de suxeición dos mandrís é roscando directamente o mandril sobre o eixe e, como elemento de seguridade, colócase unha contratuerca para evitar que se afrouxe, podendo dar lugar á lectura de datos erróneos durante os ensaios. O orificio está roscado en rosca de 3/8 " 24 UNF.



**Figura 5.** *Detalle mordaza móbil e mordaza fixa*

Para diferenciar as diferentes partes da máquina, de aquí en diante, farase referencia ao conxunto que incorpora o mandril do sistema de medición de par como mordaza fixa e, ao conxunto que incorpora o mandril que vai acoplado ao motor, denominarase mordaza móbil. Na figura 5 mostrase a diferenciación graficamente.

### 3.3. Eixos


Os eixos son os elementos encargados de transmitir o par entre o motor e o mandril da mordaza móbil e entre o mandril da mordaza fixa e o brazo encargado de transmitir a forza á célula de carga.

Nun primeiro momento, segundo o deseño inicial, tratouse de utilizar como eixos variña roscada de 3/8 " debido a que é o tipo de rosca que encaixa nos mandrís. O problema encontrábase en que o diámetro desta é inferior a 10 mm e debía encaixar nos rodamentos e no acoplamento do motor cuxo diámetro é de 10 mm para ambos. A solución proposta trataba de suplementar esa diferenza ata que se



axustase correctamente, propósito que foi imposible de acadar, xa que os eixos non quedaban debidamente centrados e os materiais utilizados non proporcionaban a consistencia suficiente que garante a estabilidade da máquina.

Finalmente optouse polo deseño individual de cada un dos eixos para a posterior fabricación mediante mecanizado, de forma que se adaptasen perfectamente na súa posición.



**Figura 6.** *Dimensións dos eixos*

A fabricación de ambos eixos foi realizada en Mecace por cortesía do persoal de Mantemento Mecánico da Central Térmica de Ciclo Combinado de As Pontes, xa que dende a Universidade negouse a posibilidade da fabricación destes no Taller de Mecanizado do Centro de Investigacións Tecnolóxicas, alegando unha avaría nos equipos.

Foron fabricados en aceiro F114, xa que proporciona unha resistencia mecánica máis que suficiente e o seu custo é inferior ao de outros aceiros grazas á súa maquinabilidade.

Debido ás pequenas tolerancias nos asentos dos rodamentos é necesaria a utilización dunha prensa hidráulica para a súa montaxe.

### 3.4. Soportes e rodamentos

Como método de suxeición de ambos eixos utilízanse dous soportes do modelo EK10 de SYK, que traen incorporados dous rodamentos de contacto angular. A función destes rodamentos é a de absorber a carga axial á que estará sometida a mostra e permitir a rotación dos eixes levando o momento de fricción ao mínimo posible. Canto menos rozamento teña o rodamiento, maior será a precisión final da máquina.




**Figura 7.** Soporte EK10

Este tipo de soporte ofrece unha adaptación sinxela á montaxe da máquina a un prezo razoable, xa que a outra solución sería fabricar uns soportes artesanais a medida. Están fabricados en aceiro mediante mecanizado e o seu acabado superficial é ennegrecido, proporcionando un bo aspecto estético e maior resistencia á corrosión.

Os rodamentos que inclúen ditos soportes son dous exemplares de 7000A de NSK enfrontados simetricamente, xa que se trata de rodamentos de contacto angular. Durante a súa montaxe detectouse que ocasionaban un problema de fricción, que podía interferir notablemente no funcionamento da máquina. Experimentouse a substituír a graxa que incorporan de fábrica por un aceite de

baixa viscosidade e incluso a regular o aperte da tapa do soporte, sen éxito, xa que o problema persistía.

Finalmente optouse por substituír os rodamentos de contacto angular por uns rodamentos ríxidos a bolas. Os rodamentos utilizados son os 6000-C-2Z-C3 de FAG de iguais dimensións que os anteriores, como se amosa na figura 8, polo que irán colocados dous destes en cada soporte.



**Figura 8.** Dimensións dos rodamentos

Este tipo de rodamentos, aínda que non están deseñados para este fin, poden absorber cargas axiais, polo que as cargas ás que van estar sometidos non afectarán notablemente á súa vida útil. Segundo as instrucións do fabricante, cando a relación de cargas é  $\frac{F_{0a}}{F_{0r}} \leq 0,8$ , onde  $F_{0a}$  é a carga estática axial e  $F_{0r}$  a carga estática radial, cúmprese que a carga estática equivalente coincide co valor da carga estática radial. En base a esta relación pode supoñerse que a capacidade de carga estática axial para estes rodamentos é de 0,8 veces a capacidade carga estática radial. A capacidade de carga estática radial é de 1970 N, polo que a capacidade de carga estática axial resulta de 1570 N. Tendo en conta que as cargas axiais son absorbidas por 4 rodamentos deste tipo, o valor das cargas soportadas por estes é máis que suficiente para o correcto funcionamento da máquina.

Os soportes foron escollidos en función das necesidades xeométricas para que se adaptasen ás diferentes pezas da máquina, polo tanto o tamaño que teñen os

rodamentos en función das baixas cargas dinámicas e estáticas ás que estarán sometidos fai que estean sobredimensionados. Desta forma asegúrase unha longa vida útil e un óptimo estado de conservación.

### 3.5. Motor e acoplamento

O motor é o encargado de transformar a enerxía eléctrica en enerxía cinética, proporcionando un par rotatorio á mordaza móbil. Irá colocado na deslizadeira mediante un soporte en forma de ángulo (figura 9), fabricado especificamente para este modelo de motor e adquirido da casa Phidgets.



**Figura 9.** *Soporte do motor*


Utilízase un motor paso a paso ou “stepper”, que é un tipo especial de motor eléctrico síncrono deseñado para rotar un número determinado de grados por cada pulso eléctrico recibido. Cando se aplica unha diferenza de potencial nunha das fases do estator, indúcese un par no rotor aliñándoo co campo magnético do estator, de xeito que a relutancia do circuíto magnético excitado sexa mínima. O xiro continuo do motor conséguese activando as distintas fases de xeito secuencial.

Profundizarase máis nas características do motor no capítulo de Deseño mecatrónico.

Para transmitir o par dende o eixo propio do motor ao eixo da mordaza móbil emprégase un acoplamento de tipo flexible, de modo que permita pequenos

desalinhamentos que poidan quedar na montaxe das pezas. Está formado por dúas pezas de aluminio, unha cun orificio de 10 mm que vai colocada no eixo da mordaza e outra cun orificio de 6,35 mm que acopla no eixo do motor; ambas pezas fíxanse mediante un tornillo prisioneiro en cada unha delas. As dúas pezas encaixan e conéctanse entre si mediante un acoplador elástico de poliuretano que transmite o movemento entrambas.

Trátase dun acoplamento BF-6.35×10-D25L34 da casa SRJ, que admite unha velocidade máxima de 25000 rpm e un par máximo de 8 N·m. As súas dimensións especifícanse na táboa 1.



**Figura 10.** Parámetros do acoplamento

Serie	ØD	Ød1	Ød2	L	L1	L2	L3	Tornillo de suxeición	
	mm	mm	mm	mm	mm	mm	mm	M	Par máximo (N·m)
BF	25	6,35	10	34	11,5	10	5,5	3	1,5


**Táboa 1.** Dimensións do acoplamento

### 3.6. Deslizadeira e sistema de tensado

Con deslizadeira faise referencia ao sistema que contén a mordaza móbil e que posúe un só grao de liberdade, de forma que esta pode desprazarse no eixe lonxitudinal da máquina.

Como base utilízase unha chapa de aluminio recortada mediante técnica de láser para asegurar unha precisión óptima. A chapa foi deseñada especificamente para a máquina. Sobre dela montase o soporte do eixo da mordaza móbil debidamente suplementado mediante o uso de arandelas, de modo que as dúas mordazas da máquina queden aliñadas á mesma altura. Móntase, tamén, o soporte do motor, ao que se lle permite a regulación nas dúas direccións horizontais grazas ás ranuras da chapa e do propio soporte onde se aloxan os tornillos.


Para permitir deslizar a plataforma ao longo do tramo de perfil de aluminio utilízanse dúas guías plásticas ás que se lles corta unha parte de xeito que quede unha cara plana, como se amosa na figura 11. Estas pezas suxéitanse á chapa mediante un suplemento fabricado en madeira MDF.



**Figura 11.** Corte das guías

Como método de tensado utilízase un peso suspendido cara un lateral da máquina e amarrado á plataforma de aluminio mediante un cable de aceiro suxeitado por unha polea, de forma que cambie a dirección da tensión que exerce o peso (vertical) á que se exerce sobre a deslizadeira (horizontal). Decidiuse

utilizar este método pola súa sinxeleza e o seu baixo custo. Deste xeito, a tensión á que se encontra sometida a mostra corresponde ao valor do peso suspendido.




**Figura 12.** Esquema do método de tensado

No deseño inicial a polea situábase atornillada directamente sobre o extremo do taboleiro pero, a causa da curta lonxitude da barra roscada que incorpora, que impedía colocala á altura necesaria, decidiuse incorporar un soporte para suxeitala de forma horizontal. Como soporte utilizase unha escuadra de valdas de 70x70 mm á que se lle engadiu un burato para situar a polea á altura desexada.

A escuadra está conformada por aceiro estampado, con dúas caras simétricas formando un ángulo recto. O acabado superficial é un lacado de cor branca que a protexe contra a corrosión. Para situar a polea á altura correcta, de xeito que o cable teña unha traxectoria horizontal, foi preciso realizar un taladro na cara vertical da escuadra.

### **3.7. Sistema de medición de par**

Con sistema de medición de par faise referencia á parte da máquina encargada de transmitir o par resultante na mordaza fixa a unha forza de tracción ou compresión, dependendo do sentido do par, á célula de carga.




**Figura 13.** Sistema de medición de par

Consta dun brazo, feito de perfil angular de aluminio, amarrado na súa parte superior ao eixo da mordaza fixa mediante dúas tuercas e dúas contratuercas para evitar que se afrouxe. Deste xeito permítense regular a súa posición ao longo do tramo roscado de dito eixo para que quede perfectamente aliñado coa célula de carga. Na parte inferior atorníllase á célula de carga mediante un tornillo de métrica 3.

Por outro lado, a célula de carga fíxase a unha pletina de aluminio, fabricada a medida para tres modelos de células de carga, de xeito que se poida variar a sensibilidade da máquina cambiando de célula sen necesidade de modificar o soporte. Á súa vez, esta pletina vai suxeita ao perfil transversal da estrutura base da máquina mediante unha escuadra que permite regular a súa posición para a correcta colocación da célula de carga.






**Figura 14.** Montaxe do sistema de medición de par

Nº	COMPOÑENTE
1	Perfil de aluminio en L
2	Célula de carga Phidgets 3132_0 (0-780g)
3	Escuadra para perfilaría de aluminio
4	Chapa soporte da célula de carga
5	Tornillo de cabeza ranurada M3x16
6	Tornillo de cabeza ranurada M3x20
7	Arandela ISO 7089 - 3
8	Arandela ISO 7089 - 8
9	Tuerca hexagonal M3
10	Tuerca hexagonal M8
11	Tornillo de cabeza hexagonal M8x25

**Táboa 2.** Compoñentes do sistema de medición de par

É importante que a tuerca sinalada cunha frecha na figura 15 estea só aproximada de xeito que non permita a folgura entre o tornillo e o perfil de aluminio, xa que no caso de apertarse en exceso pode introducir forzas residuais na célula de carga por mor de pequenos desalíñamentos na montaxe.



**Figura 15.** *Detalle da tuerca a aproximar*

Tanto o brazo como a pletina que sustenta a célula foron de fabricación propia no Laboratorio de Enxeñaría Mecánica.

## 4. DESEÑO MECATRÓNICO

No seguinte capítulo describiranse os sistemas de actuación, medición e control empregados para o funcionamento da máquina, e que conforman a parte electrónica desta.

### 4.1. Compoñentes do sistema

Todos os compoñentes electrónicos que compoñen a máquina son da casa Phidgets debido ao seu baixo custo e á súa sinxeleza de manipulación.

O sistema consta dun motor encargado de introducir un par na mordaza móbil e dunha célula de carga encargada de medir a forza realizada polo brazo da mordaza fixa. Ambos compoñentes conéctanse a un ordenador mediante interfaces específicos para cada un deles. A conexión realizase a través de portos USB. O esquema mecatrónico represéntase na figura 16.





Figura 16. Esquema mecatrónico

## 4.2. Motor

Como se dixo anteriormente un motor paso a paso ou stepper é un tipo de motor eléctrico síncrono capaz de rotar un número determinado de grados por cada pulso eléctrico recibido.

Os motores paso a paso poden presentarse en dúas configuracións diferentes, unipolares ou bipolares.



**Figura 17.** Variantes de motores paso a paso

Nos motores unipolares cada bobina do estator dispón dunha toma central cunha conexión fixa á tensión de alimentación. A corrente flúe a través do bobinado das fases nunha única dirección, e esta depende de qué extremo da bobina está conectado a terra. A electrónica de control deste tipo de motores resulta máis sinxela. Poden ser de 8, 6 ou cinco cables.

Nos motores bipolares os bobinados de cada un dos devanados das diferentes fases do motor sumíñstranse a través dunha ponte completa e, por tanto, poden levar corrente en ambas direccións. Esta configuración, aínda que máis complexa de controlar, proporciona pares máis elevados.

Existen tres tipos de excitación para os motores paso a paso: paso completo, medio paso e micropaso.

Para o modo de operación de paso completo o motor move o seu paso básico. Existen dous modos de excitación de paso completo, no modo de unha fase, o motor funciona unicamente con unha fase activada en cada instante de tempo. Este modo require menor potencia do controlador. No modo de fase dual, o motor funciona con ambas fases activadas ao mesmo tempo. Este modo proporciona o dobre de resolución e un funcionamento máis suave, así coma un 30 ou 40 % máis de par, pero require o dobre de potencia do controlador.


Na excitación de medio paso vanse alternando os modos de una e dúas fases resultando en pasos da metade do paso básico. Grazas ao menor ángulo de paso, este modo proporciona o dobre de resolución e maior suavidade de funcionamento. Pola contra, o par que é capaz de entregar é lixeira mente inferior, e pode contrarrestarse incrementando a intensidade transmitida ao motor cando so está activada unha fase.

A excitación en micropasos permite dividir o paso básico do motor ata 256 veces. Os micropasos baséanse na superposición de dúas ondas senoidales desfasadas entre si  $90^\circ$ . Conséguese un movemento continuo sen pasos detectables grazas aos pulsos de corrente enviados polo microcontrolador ás bobinas cunha forma senoidal ideal. Isto permite unha maior suavidade e minimizar os efectos de resonancia a velocidades baixas, pero este modo experimenta unha redución considerativa no par entregado.

Para este tipo de motores o erro non acumulativo en posición é do 5%, polo que para a realización dos ensaios é suficiente. No caso de precisar maior precisión pódese empregar un encoder conectado ao eixo do motor.

O motor empregado é un Phidgets 3330\_0 - 57STH56 NEMA 23 Bipolar Precision Gearless Stepper. Trátase dun motor híbrido bipolar e as súas características principais móstranse na táboa 3.

Ángulo de paso	0.9°
Precisión do paso	±5 %
Par de retención	12 kg·cm
Par nominal	11,2 kg·cm
Velocidade máxima	2250 rpm
Tensión recomendada	12 V DC
Intensidade máxima	2,8 A



**Táboa 3.** *Propiedades do motor*

**Figura 18.** *Detalle do motor*

Para o control do motor utilízase un controlador Phidgets1067\_0 - Stepper Bipolar HC, que permite axustar a posición, velocidade e aceleración de xeito preciso, así como a intensidade proporcionada, e permite o modo de excitación mediante micropasos. Non é recomendable colocarlle unha carcasa de protección, xa que limitaríase o fluxo de aire e este tipo de controlador tende a quentarse.

Á súa vez o controlador do motor aliméntase cun transformador Phidgets 3081\_0 - Power Supply, que proporciona unha corrente de saída de 12 V DC e 5 A de intensidade.

### 4.3. Célula de carga

#### 4.3.1. Descrición

Unha célula de carga é un dispositivo capaz de converter forzas entrantes en sinais eléctricos á súa saída. A medición é realizada a través de galgas extensométricas, que son pequenos resistores que varían o valor nominal da súa resistencia en función da deformación.

As galgas encóntranse unidas a un membro estrutural que se deforma ao aplicarlle unha carga.

O método máis usual de conexión das galgas extensométricas é o da ponte de Wheatstone completa. Esta montaxe permite coñecer o valor da carga mediante a medida da voltaxe de saída  $V_0$ . A ponte de Wheatstone (figura 19) está composta por unha fonte de alimentación e 4 resistencias. O valor da impedancia de cada

resistencia é o mesmo nun estado de repouso (en ausencia de cargas), polo tanto a tensión  $V_0$  debería ser 0. Cando se somete a peza á que vai fixada a tensións, o valor da impedancia cambia, producíndose unha diferenza de potencial entre os dous ramais. Deste xeito pódese obter a carga á que se ve sometida a peza.




Figura 19. Ponte de Wheatstone

Debido a unha serie de factores que afectan á medición, o valor da voltaxe  $V_0$  non é proporcional á carga aplicada, podendo observar, na práctica, que este comportamento non é completamente lineal.

Un dos factores que introducen erro na medición é o erro de offset ou erro de cero. Idealmente todas as galgas do circuíto teñen a mesma resistencia, polo que, en ausencia de cargas na célula, a voltaxe de saída sería 0. Na práctica, as galgas que se empregan para a fabricación de células de carga de baixo custo, presentan unha tolerancia típica de arredor do 5%. Isto implica que a voltaxe de saída en ausencia de cargas non será nula.

Outra fonte de erro son os fenómenos de histérese que se producen na célula de carga. Se se obtén unha lectura mediante o aumento da carga dende cero e outra para a mesma carga mediante a diminución da carga nominal, obsérvase unha diferenza entre os dous valores. Esta diferenza coñécese como erro de histérese.

O valor da voltaxe de saída da célula de carga é moi pequeno, polo que debe ser amplificado mediante un amplificador de instrumentación antes de que poida ser utilizado. Esta amplificación ten como contrapartida a amplificación do ruído eléctrico do circuío, de xeito que o sinal de saída oscilará nun rango de valores da redor do valor teórico. Este comportamento pódese atenuar de dous xeitos, mediante a diminución da frecuencia de mostraxe ou mediante o uso de medias de valores para cada posición.

Outras fontes de erro poden ser os debidos a cambios de temperatura ou os erros de creep debidos á relaxación dos materiais con cargas constantes durante longos períodos de tempo, pero estes presentan unha menor influencia na medida.

Tendo en conta estes parámetros foron propostos propuxéronse tres modelos de células de carga que funcionan a cortante, de xeito que poidan medir valores tanto si a carga é a tracción como si é a compresión, para poder ensaiar as mostras en ambos sentidos de xiro. Os tres modelos propostos son o 3139\_0 - Micro Load Cell (0-100g) - CZL639HD; o 3132\_0 - Micro Load Cell (0-780g) - CZL616C e o 3133\_0 - Micro Load Cell (0-5kg) - CZL635; todos eles de Phidgets e cun prezo similar. A máquina está preparada para traballar con calquera destes 3 modelos, xa que se fabricou contando coa posibilidade de ter que traballar con varios tipos de células de diferentes sensibilidades.


As propiedades da célula 3139\_0 - Micro Load Cell (0-100g), que é a que aportaría maior sensibilidade, móstranse na táboa 4.



Tipo de sensor	Célula de carga a cortante
Carga máxima	100 g
Erro de creep	100 mg/h
Erro de offset	± 50 mg
Non linearidade máxima	50 mg
Erro de histérese	50 mg
Efecto da temperatura	5 mg/°C
Saída nominal	600 $\mu$ V/V
Erro máximo da saída nominal	± 150 $\mu$ V/V
Tensión de alimentación máxima	10 V DC

**Táboa 4.** *Propiedades Phidgets - 3139\_0 - Micro Load Cell (0-100g)*

Decidiuse montar o modelo Phidgets 3132\_0 (0-780g) debido a que era o que mellor relación proporcionaba entre sensibilidade e rango de forza útil. As súas características móstranse na táboa 5.




**Figura 20.** *Phidgets - 3132\_0 - Micro Load Cell (0-780g)*

Tipo de sensor	Célula de carga a cortante
Carga máxima	780 g
Erro de creep	1,6 g/h
Erro de offset	$\pm 11,7$ g
Non linearidade máxima	390 mg
Erro de histérese	390 mg
Efecto da temperatura	39 mg/°C
Saída nominal	800 $\mu$ V/V
Erro máximo da saída nominal	$\pm 100$ $\mu$ V/V
Tensión de alimentación máxima	5 V DC

**Táboa 5.** Propiedades da célula de carga elixida

Para realizar a lectura da célula de carga emprégase un dispositivo 1046\_0 - PhidgetBridge 4-Input que permite a conexión á vez de ata catro células. Este dispositivo realiza a función de amplificación do sinal e permite establecer dun xeito sinxelo a frecuencia de mostraxe e a ganancia do mesmo.

Co fin de brindarlle unha maior protección ao controlador da célula de carga, alóxase nunha carcasa plástica que ofrece o propio fabricante.



**Figura 21.** Detalle do controlador Phidgets 1046 coa carcasa

### 4.3.2. Calibración

Para poder utilizar a célula de carga é preciso calibrala previamente para obter unha ecuación que permita relacionar a voltaxe de saída coa carga aplicada.

Para a calibración da célula de carga, estando esta montada sobre a máquina, deseñouse un sistema que consiste en enroscar un fío de diámetro desprezable ao redor da parte fixa do mandril da mordaza fixa de xeito que se lle poida colgar un peso suspendido. Coñecido o peso e coñecido o radio do mandril (1.55cm), do produto destes valores resulta o par exercido.

A expresión é do tipo  $T = (a + b \times V)/r$  onde T é o par exercido, V é a tensión de saída e r o radio do mandril. Para o cálculo dos parámetros a e b colócanse varios pesos coñecidos e anótanse os datos obtidos nunha folla de cálculo, onde se calcularán os resultados.

Na primeira calibración o resultado non foi o esperado, xa que na gráfica obtida (figura 22) existen dúas pendentes diferentes en función do signo da carga.





Figura 22. Resultado da primeira calibración coa célula montada


En vista aos resultados obtidos decidiuse desmontar a célula de carga e calibrála efectuando a forza directamente sobre esta. Para elo suxeitouse de un extremo e colgáronse diferentes pesos coñecidos no outro extremo e en ambos sentidos (rotando a célula 180°).

Para este procedemento a ecuación é do tipo  $F = a + b \times V$ , onde  $F$  é a forza aplicada á célula de carga. Os resultados obtidos (figura 23) foron satisfactorios e verificaron o comportamento lineal desta.




**Figura 23.** Resultados da calibración coa célula de carga libre

Finalmente volveuse a montar na máquina e a repetir o procedemento inicial de calibrado. Nesta ocasión tívose especial coidado en aliñar o máis perfectamente posible a posición da célula e do perfil angular de aluminio, de xeito que a forza exercida sobre esta sexa completamente horizontal, así como en non apretar demasiado a tuerca que suxeita o tornillo contra o perfil, como se menciona anteriormente, para evitar introducir forzas residuais causadas polos desaliñamentos.



**Figura 24.** Resultados da calibración coa célula de carga montada

Os resultados obtidos móstranse na figura 24. Pode comprobarse que ao multiplicar a ecuación obtida por 0.096 m, que é a distancia dende o centro do eixo da mordaza móbil ao eixo de aplicación da forza na célula de carga, obtense unha aproximación á ecuación de calibración obtida coa célula de carga montada na máquina. Este desaxuste débese a pequenas folguras na montaxe.



**Figura 25.** Distancia dende o eixo de xiro ao eixo de aplicación da forza

Ao superpoñer a gráfica de calibración coa célula montada coa gráfica da calibración da célula libre transformada a par-tensión pode comprobarse que a pendente é a mesma, confirmando que os resultados obtidos son correctos.




Figura 26. Gráficas de calibración superpostas

#### 4.4. Software


O software encargado do funcionamento da máquina foi proporcionado integramente polo laboratorio de Enxeñaría Mecánica, así como as modificacións acometidas no programa inicial para o correcto funcionamento do sistema.

O programa realiza unha calibración coa máquina en baleiro para corrixir o erro producido pola montaxe do sistema de medición, xa que na posición vertical do perfil angular de aluminio crease unha pequena forza debida á localización do seu centro de masas.

Para asegurar que a mostra se encontra no instante inicial do ensaio en relaxación, creouse unha función que ten a finalidade de buscar a posición da mordaza móbil na cal o par medido sexa practicamente nulo. Este punto tomarase de referencia durante a realización do ensaio co valor de  $0^\circ$ .

O programa require unha serie de parámetros para realizar os ensaios, como o valor do ángulo que se desexa xirar a mostra; a velocidade, aceleración e intensidade relativas ao motor; e incluso pódense introducir pausas durante o xiro variando os intervalos con que se realizan e a súa duración.

Ao executar o código ábrese automaticamente unha ventá onde se grafica en tempo real os valores do voltaxe devolto pola célula de carga, o par ao que se encontra sometida a mostra, o ángulo xirado polo motor e a velocidade de xiro do motor.



**Figura 27.** Ventá xerada polo programa

Co fin de protexer a célula de carga, o programa ten a función de parar inmediatamente o ensaio se esta acada o seu valor límite. Deste xeito asegúrase de que a célula nunca reciba unha forza superior á que é capaz de resistir evitando a súa degradación.





## **5. PROCEDEMENTO DE ENSAIO**

### **5.1. Posta en marcha**

Para o correcto funcionamento, a máquina debe colocarse sobre unha mesa firme e coa polea orientada cara un lateral, de forma que o cable de tensado quede suspendido no aire. No caso de non estar nivelada débese regular a altura das patas facéndoas xirar coa man ata conseguir que a máquina quede firme.

Unha vez conectada a máquina ao ordenador a través dos portos USB, é necesario realizar unha calibración en baleiro, debido a que cada vez que se traslada a máquina de lugar é posible que varíe lixeiramente o valor da voltaxe proporcionado pola célula de carga nestas condicións. Deste xeito, asegúrase de que o valor de par é cero en ausencia de cargas.

As mostras deben ser ter un tamaño que permita a súa fixación á distancia desexada entre ambas mordazas. Cando a mostra estea correctamente colocada é necesario apertar firmemente os mandrís para evitar deslizamento durante o ensaio. O aperte necesario faise xirando a chave do mandril ata notar que ofrece resistencia. No caso de apertar demasiado, a mostra pode resultar deformada, xa que se traballa con materiais plásticos.

É necesaria a colocación dun peso no sistema de tensado para que a mostra non se deforme reducindo excesivamente a distancia no sentido axial e absorbendo o xiro sen que varíe demasiado o valor do par. Antes de colocar o peso é imperativo asegurarse de que a mostra esta suxeita correctamente en ambas mordazas para evitar que a mordaza móbil descarrile. Para a realización de todos os ensaios presentes neste TFG o peso suspendido no sistema de tensado foi de 1,5 kg, proporcionado por dúas pesas calibradas, unha de 1 kg e outra de 500 g.

Finalmente introdúcense os valores desexados no programa e execútase. O programa xera automaticamente un documento de texto onde se recollen os datos obtidos durante o ensaio. Estes datos son exportados a unha folla de cálculo na que se xera unha gráfica de par fronte ángulo xirado, que permite observar a tendencia da rixidez torsional do material.


Os parámetros utilizados durante os ensaios realizados neste TFG especificanse na táboa 6.

Velocidade	1 °/s
Aceleración	2 °/s <sup>2</sup>
Intensidades de corrente	0,5 A
Desplazamento	22,5°
Pausas	Non

**Táboa 6.** *Parámetros introducidos na realización dos ensaios*

## 5.2. Primeira proba

Unha vez rematada a construción da máquina realizouse a primeira proba con un rulo homoxéneo composto de espuma de polímero para verificar que todo funcionaba correctamente.



**Figura 28.** *Primeira proba realizada con rulo homoxéneo*

Para esta primeira proba, a figura 29 representa a gráfica obtida, nela pódese observar que para o ángulo inicial de 0° a mostra encóntrase sometida a un

